



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VIMIANZO

Anuncio da oferta de emprego público 2022

Anuncio da oferta de emprego público para o ano 2022 do Concello de Vimianzo

Pola Resolución da Alcaldía núm. 567/2022, do 18/05/2022, aprobouse a oferta de emprego público do Concello de Vimianzo para o 2022 (Expte. TEdC 2022/E001/000005) , que queda configurada polas seguintes prazas:

1) Oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal (Lei 20/2021):

Persoal laboral (sistema de acceso por concurso):

Denominación	Vacantes	Grupo	Xornada
Operario/a de limpeza	1	E	Completa
Auxiliar electricista	2	C2	Completa
Peón de limpeza viaria / xardíns	2	E	Completa
Operario/a PC- coordinador SE	1	C2	Completa
Operario/a PC e Emerxencias	1	E	Completa
Animador/a deportivo/a	1	A2	Completa
Auxiliar de cultura	1	C2	Completa
Tractorista	1	E	Completa
Coordinador/a escolas deportivas	1	A2	56,25%

Persoal funcionario (sistema de acceso por concurso):

Denominación	Escala	Subesc	Grupo	Subgr.	Código	Núm
Técnico/a Urbanismo	Especial	Técnica	A	A2	AUF-02	1
Oficial albanería	Especial	Servizos especiais	E		ALB-03, ALB-04, ALB-05, ALB-06	4
Operarios/as SM	Especial	Servizos especiais	E		OSM-01, OSM-02	2

2) Oferta de emprego público ordinaria:

Persoal funcionario:

Denominación	Escala	Subesc	Grupo	Subgr.	Código	Núm	Sistema acceso
Auxiliar administrativo/a	Xeral	Auxiliar	C	C2	XUA-05	1	concurso oposición
Administrativo/a	Xeral	Administrativa	C	C1	ECA-03	1	concurso oposicion (promoción interna)

Publícase en cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e do artigo 70 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

O que se fai público para xeral coñecemento, advertíndolles ás persoas interesadas que contra o dito acordo, que pon fin á vía administrativa, poden interpor, alternativamente, o recurso de reposición potestativo, ante a alcaldesa, no prazo

dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Se se opta por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderán interpor recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo iso sen prexuízo de que se poida interpor calquera outro recurso que se puidese considerar máis conveniente ao seu dereito.

Vimianzo, 20 de maio de 2022.

Mónica Rodríguez Ordóñez

Alcaldesa

2022/2859